Mundo Galiza

# Remata o V Encontro Cidade da Coruña “As Artes e a Literatura”

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anuncia que hoxe mércores 25 de abril ás 20.00 no Salón de Actos da Real Academia Galega, terá lugar a última das mesas redondas do V Encontro Cidade da Coruña que, coa presentación da escritora Mercedes Queixas Zas e con título “A literatura e a música” contará coa participación de Paulino Pereiro, compositor e escritor, e da compositora Margarita Viso Soto.

11 DE ABRIL - 20.00H

A ARTE E A LITERATURA
- MIGUELANXO PRADO
- XAVIER SEOANE

18 DE ABRIL - 20.00H

A LITERATURA E O CINEMA
- ANGEL DE LA CRUZ
- MARGARITA LEDO

25 DE ABRIL - 20.00H

A LITERATURA E A MUSICA
- PAULINO PEREIRO
- MARGARITA VISO SOTO

Salón de actos da Real Academia Galega - Rúa Tabernas, 11

# V ENCONTRO
# CIDADE DA CORUÑA

# AS ARTES E A LITERATURA

asociación de escritores en lingua galega
www.aelg.org

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT INNOVAT

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

No desenvolvemento creativo de toda cultura sempre estiveron presentes as máis diversas formas de colaboración entre a artes e a literatura.

É intención desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) facer unha aproximación a esta relación que, da man da literatura galega, as artes plásticas o cinema, a música, tiveron e teñen na cultura galega dentro dun mesmo contexto sociocultural como resposta a unha mesma realidade nun mesmo período temporal.

Ao longo de tres mesas redondas, compartidas por escritores, cineastas, deseñadores e compositores, falamos da súa relación, das formas de comunicación ou de influencia entre elas e dos froitos que finalmente resultan destas formas de colaboración ou de tan só ter compartido un mesmo tempo histórico.